

ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL PARA A SELECCIÓN DUNHA PRAZA DE TRABALLADOR/A SOCIAL, FUNCIONARIO/A DE CARREIRA. PROCESO DE ESTABILIZACIÓN.

Sendo as 8:55 horas do día 16 de febreiro do 2023, reúnen-se as persoas que de seguido se relacionan para a constitución do tribunal de selección da praza de traballador/a social, funcionario/a de carreira.

- Presidencia
 - Titular: Diego Rodríguez Porto (técnico de xestión económica e Tesouraría do Concello de Teo)
- Vogal
 - Titular: Ana María Aldrey Pereira (traballadora social do Concello de Vedra)
 - Titular: Carmen García Brea (traballadora social do Concello de Vila de Cruces)
 - Titular: María Viqueira Iglesias (traballadora social do Concello de Cerdeda)
- Secretaría
 - Titular: Luis Javier Castro Martínez (arquitecto técnico do Concello de Teo)

Dáse conta do contido da base novena, das que rexen a convocatoria, referida ao procedemento de selección e cualificación. Segundo a citada base o procedemento de selección será o de concurso de valoración de méritos.

O tribunal cualificara os méritos da forma que se indica a continuación:

1. Experiencia profesional. Valorarase con arranxo aos criterios establecidos a continuación, e ata o máximo de 70 puntos:

- Por servizos prestados na administración local realizando funcións/tarefas relacionadas co desempeño da praza que se convoca (xa sexa coa condición de persoal funcionario ou laboral): 0,49 puntos por cada mes completo de servizos.

- Por servizos prestados nunha administración distinta a local realizando funcións/tarefas relacionadas co desempeño da praza que se convoca (xa sexa coa condición de persoal funcionario ou laboral): 0,16 puntos por cada mes completo de servizos.

- Por servizos prestados nos organismos públicos e demais entidades de dereito público con personalidade xurídica propia, vinculada ou dependente de calquera das Administracións Públicas e Universidades

Publicas, realizando funcións/tarefas relacionadas co desempeño da praza que se convoca (xa sexa coa condición de persoal funcionario ou laboral): 0,06 puntos por cada mes completo de servizos.

Non se terán en conta os períodos inferiores ao mes.

2. Formación específica/complementaria, ata o máximo de 30 puntos:

Cursos de formación: valoraranse os cursos conforme a seguinte escala, tendo en conta o grupo de clasificación da praza a que se opte:

a) Grupo A1 ou categoría laboral equivalente: 0,10 puntos por hora

b) Grupo A2 ou categoría laboral equivalente: 0,125 puntos por hora

c) Grupo B ou categoría laboral equivalente: 0,20 puntos por hora

d) Grupo C1 ou categoría laboral equivalente: 0,30 puntos por hora

e) Grupo C2 ou categoría laboral equivalente: 0,50 puntos por hora

f) Grupo AP ou categoría laboral equivalente: 1,00 puntos por hora

O Tribunal poderá requirir as persoas aspirantes en calquera momento do proceso selectivo, que acrediten a veracidade das circunstancias e documentos achegados e que fosen obxecto de valoración.

No caso de que o órgano de selección comprobe que algunha das persoas aspirantes realizou calquera tipo de actuación fraudulenta ou incorrido en falsidade manifesta na súa solicitude, que xere competencia desleal de acordo con os principios de igualdade, mérito e capacidade, previa audiencia a persoa interesada, debera emitir proposta motivada de exclusión do proceso selectivo, dirixida ao órgano que aprobase a relación definitiva de persoas aspirantes admitidas, comunicando as falsidades ou actuacións fraudulentas formuladas pola persoa aspirante. Contra a Resolución do devandito órgano poderán interpoñerse os recursos administrativos que procedan. A cualificación final será a suma dos puntos obtidos na fase de concurso.

No suposto de empate nas puntuacións de dúas ou mais aspirantes acudirase por orde aos seguintes criterios ata que se resolva:

- en primeiro lugar atenderase a puntuación obtida no apartado de experiencia profesional

- de seguir aquel, a persoa que ocupase mais tempo a praza obxecto do presente proceso selectivo nos últimos 12 anos

- no último lugar, atenderase a primeira letra do primeiro apelido seguindo a orde alfabética aprobada pola Xunta de Galicia que marca a orde de actuación das persoas aspirantes nos procesos selectivos para o ingreso na Administración Autónoma de Galicia que se deriven da oferta de emprego público correspondente ao ano no que se celebre o proceso selectivo, segundo o sorteo celebrado ao abeiro do previsto no Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. Nos apelidos compostos coa preposición de, da, do, de la, d'..., a mesma non será tida en conta (por exemplo: Marta de Castro. A letra a ter en conta será o "C"). De persistir o empate, atenderase a segunda letra do primeiro apelido, seguindo a orde alfabética anterior, e así ata desfacer o empate; continuando polo segundo apelido e finalmente polo nome.

De acordo co exposto e segundo o previsto nas bases novena e décima das que rexen a convocatoria, e vistos o méritos presentados polos aspirantes, o tribunal **acorda**:

Primeiro: O tribunal acorda que no referente a experiencia laboral, aplicárase o criterio de períodos mensuais, para cada un dos servizos prestados en cada unha das entidades.

Segundo: Valorar os méritos na fase de concurso das persoas aspirantes outorgando as seguintes puntuacións:

DATOS			PUNTUACIÓN		
APELIDOS	NOME	DNI / NIE	Experiencia profesional(1)	Formación específica	Total
ALFONSO FRESCO	JENNIFER	***8847**	4.90	30.00	34.90
ANTA FERNANDEZ	ANA	***2741**	70.00	30.00	100.00
CAAMAÑO REY	CARMEN MARIA	***6448**	70.00	30.00	100.00
DOVAL ALVAREZ	NATALIA	***6328**	14.03	30.00	44.03
GONZÁLEZ SAR	BEATRIZ	***2966**	9.31	30.00	39.31
MELLA ROSENDE	MÓNICA	***3810**	70.00	30.00	100.00
MOURO PEÑA	ANA CRISTINA	***0551**	34.79	30.00	64.79
SANJURJO CONSTENLA	SILVIA	***3181**	57.82	30.00	87.82
SANMARTIN LOPEZ	JAVIER	***2298**	11.76	30.00	41.76
VIEITES FREIRE	ADRIANA	***7022**	0.00	30.00	30.00
ZAMORANO GARCÍA	LAURENTINA	***2313**	11.27	30.00	41.27

(1) En cumprimento do apartado un da base novena, para a valoración da experiencia laboral, soamente se tiveron en conta os meses completos traballados por cada contrato formalizado.

Terceiro: Á vista das puntuacións obtidas no proceso selectivo e atendendo ao estipulado no apartado 2 da base novena na que se indican os criterios a seguir no suposto de empate, procédese á ordenación das persoas aspirantes por orde descendente de puntuación segundo se reflicte na seguinte táboa:

DATOS				PUNTUACIÓN		
Nº	APELIDOS	NOME	DNI / NIE	Experiencia profesional(1)	Formación específica	Total
1	MELLA ROSENDE	MÓNICA	***3810**	70.00	30.00	100.00
2	ANTA FERNANDEZ	ANA	***2741**	70.00	30.00	100.00
3	CAAMAÑO REY	CARMEN MARIA	***6448**	70.00	30.00	100.00
4	SANJURJO CONSTENLA	SILVIA	***3181**	57.82	30.00	87.82
5	MOURO PEÑA	ANA CRISTINA	***0551**	34.79	30.00	64.79
6	DOVAL ALVAREZ	NATALIA	***6328**	14.03	30.00	44.03
7	SANMARTIN LOPEZ	JAVIER	***2298**	11.76	30.00	41.76
8	ZAMORANO GARCÍA	LAURENTINA	***2313**	11.27	30.00	41.27
9	GONZÁLEZ SAR	BEATRIZ	***2966**	9.31	30.00	39.31
10	ALFONSO FRESCO	JENNIFER	***8847**	4.90	30.00	34.90
11	VIEITES FREIRE	ADRIANA	***7022**	0.00	30.00	30.00

Cuarto: Dar por rematado o proceso selectivo mediante a publicación da puntuación final total das persoas aspirantes do proceso selectivo, por orde de puntuación, na páxina web municipal (www.teo.gal) e no taboleiro de anuncios do Concello.

Quinto : De acordo co previsto na base décima, elevar á Alcaldía a referida relación de aspirantes para proceder ao nomeamento como traballadora social, funcionaria de carreira, a **D.ª Mónica Mella Rosende**, con **DNI ***3810*** por ser a persoa aspirante que acadou a maior puntuación no proceso selectivo.

Sexto: Propoñer á Alcaldía a creación dunha bolsa de traballo para a praza convocada coas persoas aspirantes finalmente non seleccionadas, ordenadas por orde descendente de puntuación:

DATOS				PUNTUACIÓN		
Nº	APELIDOS	NOME	DNI / NIE	Experiencia profesional(1)	Formación específica	Total
1	ANTA FERNANDEZ	ANA	***2741**	70.00	30.00	100.00
2	CAAMAÑO REY	CARMEN MARIA	***6448**	70.00	30.00	100.00
3	SANJURJO CONSTENLA	SILVIA	***3181**	57.82	30.00	87.82
4	MOURO PEÑA	ANA CRISTINA	***0551**	34.79	30.00	64.79
5	DOVAL ALVAREZ	NATALIA	***6328**	14.03	30.00	44.03
6	SANMARTIN LOPEZ	JAVIER	***2298**	11.76	30.00	41.76
7	ZAMORANO GARCÍA	LAURENTINA	***2313**	11.27	30.00	41.27
8	GONZÁLEZ SAR	BEATRIZ	***2966**	9.31	30.00	39.31
9	ALFONSO FRESCO	JENNIFER	***8847**	4.90	30.00	34.90
10	VIEITES FREIRE	ADRIANA	***7022**	0.00	30.00	30.00

Sendo as trece horas do día indicado, dáse por rematado o acto, estendéndose a presente acta, que asinan todos os membros do tribunal, do que dou fe.

Presidente	Vogal
Diego Rodríguez Porto	Ana María Aldrey Pereira
Secretario	Vogal
L. Javier Castro Martínez	Carmen García Brea
Vogal	
María Viqueira Iglesias	